



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES

Exped.: 2024000038781

Proposta de modificación da RPT.

Como deputada e presidenta da Comisión de Cultura, Lingua, Igualdade e Dereitos Cívís, fago a seguinte proposta, que xunto coa área de Cultura, consideramos que se valore con interés, xa que é o máis favorable para un mellor desenvolvemento da área en cuestión.

Unha serie de cambios que afectarían ao Servizo de acción social, cultural e deportes .

En primeiro lugar, consideramos que debido á excesiva acumulación de tarefas, polas numerosas convocatorias de subvencións, premios e certames, actividades e programación propias... é necesario facer unha modificación no dito servizo, e reorganizar para un funcionamento máis operativo e áxil e que pase a chamarse Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís.

A maiores, xa foi presentada ante o servizo de persoal, a creación dunha xefatura de negociado de subvencións, e a transformación dunha praza de técnica de igualdade nunha xefatura de sección de igualdade e dereitos cívís, que son de vital importancia para o funcionamento da área.

Por todo isto, consideramos que está plenamente xustificada esta reorganización.

A Coruña, 5 de marzo de 2025.

A deputada de cultura, igualdade, lingua e dereitos cívís

Natividad González Rodríguez

SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS